

OS CONFLITOS DO MUNDO

1. CONFLITOS ARMADOS E TENSIÓNS

1.1 ASIA E ORIENTE MEDIO

AFGANISTÁN

Logo dos atentados do 11-S no 2001 Estados Unidos interviu en Afganistán. Para 2014 a OTAN puxo fin á misión e foi retirando tropas. Como consecuencia a insurxencia e os grupos terroristas foron avanzando de novo polo territorio logo de refuxiarse en Pakistán e na actualidade o goberno afgano está loitando contra máis de 20 grupos armados, entre eles os talibáns e o Estado Islámico.

Os grupos enfrontados son por un lado o goberno afgano, unha coalición internacional liderada por EEUU, a OTAN e por outro as milicias talibán, Al-Qaeda e o ISIS. Os talibán representan a principal ameaza, porque contan cun número maior de combatentes e nalgúns lugares loitan para evitar que se estableza o EI. Actualmente o territorio afgano atópase dividido en zonas baixo o control talibán, zonas baixo o control do ISIS e zonas reconquistadas polo exército afgano.

No ano 2016 morreron preto de 3.500 persoas e 8.000 resultaron feridas no conflito, segundo a axencia EFE. En decembro de 2015 os refuxiados eran dous millóns e medio, segundo ACNUR, a maioría establecidos en Pakistán, Irak e Estados Unidos. Ademais hai preto de 1 millón de desprazados internos.

A ONU publicou en 2010 un informe sobre o país que destacaba a necesidade de negociacións de paz que puideran reconciliar o país. Ademais tamén interviu para embargar armas a Al-Qaeda e aos talibáns no ano 2002. A UE comprometeuse a dar unha axuda humanitaria de 5.000 millóns de euros.

BAHREIN

As revoltas populares que se propagaron polo mundo árabe chegaron tamén a Bahrein, onde a poboación demandaba reformas sociais e políticas. A discriminación levaba a cabo pola monarquía dos al-Khalifah, de confesión suní, sobre o groso da poboación que representan os chiís fixo que estes últimos tomaran a Praza da Perla, no centro de Manam, o 14 de febreiro do 2011. Estas tensións internas foron acalmadas polos monarcas, primeiro con incentivos económicos e diálogo político, pero despois con represión e persecución aos seus detractores. A inestabilidade provocada por estas revoltas provocou una intervención das tropas do Consello de Cooperación do Golfo e das Forzas Armadas de Xordania no país. A partir de aí, a poboación tamén esixiu a desaparición da monarquía.

A desocupación definitiva da praza produciuse o 6 de decembro de 2012 e saldouse con 8 falecidos e varios feridos. Aínda así, as manifestacións puntuais no país contra al-Khalifah os son constantes.

BALUCHISTÁN (PAKISTÁN)

Desde que se creou o estado de Pakistán en 1947, a provincia de Baluchistán viviu períodos de violencia armada para conseguir unha maior autonomía e incluso a independencia, ao ser a provincia máis rica en recursos naturais. Ademais a poboación de Baluchistán pertence a unha etnia distinta ao resto das provincias pakistanís e teñen lingua propia.

Os principais opositores ao goberno pakistaní son os grupos armados BLA e BLF principalmente, que se enfrenta ás Forzas Armadas e aos Servizos de Intelixencia. Ademais tamén intervén no conflito o Estado Islámico, con interese en conquistar a rexión, e os talibáns afganos, que levan décadas actuando no territorio pakistaní.

Os detonantes do conflito foron o uso da forza contra a poboación, non permitir ningún tipo de autonomía política ou administrativa, a imposición do urdu como idioma oficial e a explotación dos recursos naturais por parte do goberno central. No ano 2005 a insurxencia armada volve a aparecer na rexión atacando a infraestruturas para extraer o gas. Isto desencadeou nunha operación militar que provocou desprazamentos na poboación civil, que ademais pide que se aclare a desaparición de miles de baluchís. Paralelamente os partidos nacionalistas tamén libran a súa batalla co goberno central na que piden unha maior autonomía en aspectos económicos e políticos e xustifican a violencia.

Ao longo de 2016 faleceron 805 persoas e 642 persoas resultaron feridas nos distintos enfrontamentos entre as forzas de seguridade e os insurxentes. Ademais dende o inicio do conflito en 1973 preto de 336 mil persoas buscaron asilo fora de paquistán e case dous millóns desprazáronse internamente. O goberno indio gastou un 3'1% do PIB en armamento militar.

CHINA (TURQUESTÁN ORIENTAL 2014)

Dende os anos 40, a tensión nesta zona de China foi en incremento debido á convivencia de varios grupos étnicos, que chegaron ao Turquestán por motivacións diversas (explotación dos recursos, vínculos relixiosos...). Xa nos noventa, o nivel de conflitividade medrou e propiciou a aparición de grupos separatistas armados de diferentes tendencias que protaonizaron revoltas contra o Goberno chino. O cumio destes enfrontamentos produciuse nos anos 2008, coincidindo coa celebración dos Xogos Olímpicos, e 2009.

A redución da conflitividade fixo que en 2016 deixase de considerar un conflito armado. Con todo, durante o ano 2015 morreron 200 persoas.

COREA DO NORTE

Aínda que na súa constitución se define como un Estado socialista autosuficiente, Corea do Norte é a ollos do mundo unha ditadura totalitaria. Amnistía Internacional denuncia no seu último informe que a poboación “siguió soportando violaciones en casi todos los aspectos de

sus derechos humanos". Só durante o 2016, chegaron a Corea del Sur 1.414 persoas procedentes de Corea del Norte escapando do réxime de Kim Jong-un.

Ademais, a posesión de armas nucleares e os numerosos ensaios practicados nos últimos anos aumentou a tensión coa comunidade internacional, sobre todo no seo das Nacións Unidas e cos EAU e Corea do Sur, en particular. No caso deste último, os enfrontamentos entre eles son históricos: disputáronse a península completa como territorio propio os que os levou a unha guerra civil nos anos 50. Os enfrontamentos armados cesaron, pero non se pode falar de relacións de paz entre ambos Estados.

IRAK

A guerra en Irak comezou logo do 11-S coa intervención de Estados Unidos para derrocar o réxime de Saddam Hussein. Os principais actores deste conflito son o Estado Islámico e as forzas gobernamentais iraquís, as milicias paramilitares e as forzas armadas kurdas (respaldadas pola coalición internacional liderada por Estados Unidos).

No 2014 o EI conquistou Mosul, entrou en oficinas gobernamentais e proclamou o califato. O goberno contraatacou con ataques aéreos, pero non conseguiu impedir que o ISIS continuara avanzando. Durante a súa conquista masacrou a poboación civil, executou xente publicamente e colgou eses vídeos na rede, recrutou menores para os seus exércitos e torturou a minorías étnicas como os yazidís. Ante esta situación EEUU decidiu volver a intervir no país e liderar unha coalición anti-ISIS que proporciona armas ás milicias kurdas e atacando desde o aire posicións do Estado Islámico en Irak e Siria. Posteriormente os países occidentais comezaron a proporcionar axuda a Irak, na chamada Guerra contra o Estados Islámico.

O Estado Islámico controla zonas do noroeste e oeste de Irak, pero neste último ano perdeu posicións importantes como Mosul que foi reconquistada polo exército irakí e varias aldeas. Aínda así a poboación civil continúa a sufrir a violencia dos terroristas e tamén as consecuencias dos ataques do exército e milicias irakís.

Esta guerra deixa preto 7 mil civís mortos no 2016 (contrasta cos 12 mil mortos no 2014) 12 mil feridos, segundo a axencia Europa Press, 3 millóns de persoas desprazadas internamente e máis de un millón de refuxiados en países como Turquía e Siria.

ISRAEL-PALESTINA

O conflito entre Israel e Palestina iníciase en 1947 cando a ONU divide o territorio de Palestina para proclamar o Estado de Israel, o que impediu a existencia dun Estado palestino. Durante anos Gaza e Cixordania foron ocupadas por distintos países e Israel invadiu tamén a parte palestina de Xerusalén. Os principais desencadeantes do conflito son a inexistencia dun estado palestino independente, os asentamentos de xudíos en Cixordania e a barreira de seguridade que rodea o territorio palestino.

Desde os anos 50 formouse un movemento de resistencia palestino Fatah e o Frente Popular de Liberación de Palestina. O conflito entre Israel e Palestina reavívase no ano 2000 co fracaso do proceso de paz, xa que gobernos como o de Netanyahu non cumpriron o acordado. Durante os últimos anos a Franxa de Gaza estivo controlada por Hamas, un grupo islámico palestino que nunca recoñeceu os acordos con Israel, pero recentemente devolveu o territorio

a Autoridade Nacional Palestina. Por outro lado Cisjordania está gobernada pola Autoridade Nacional Palestina e está recoñecida internacionalmente. Os enfrontamentos prodúcense entre milicias paramilitares, grupos terroristas e mesmo civís, con ataques con mísís, atentados e asasinatos. Mentres, o goberno israelí segue construíndo asentamentos en territorio palestino, cometendo inxustizas coa poboación palestina e mesmo requisando axudas internacionais para construír escolas ou axudas humanitarias.

Os refuxiados palestinos son máis de 5 millóns, os máis numerosos do mundo. Atópanse en Líbano, Xordania, na franxa de Gaza, Cisjordania e Siria. Os palestinos que vivían en Siria, preto de 42.000, ao iniciarse a guerra tiveron que escapar cara Líbano, que acolle preto de 492.000 palestinos. En Xordania viven 2'2 millóns de palestinos, que contan a maioría con cidadanía. As potencias non apoian abertamente a Palestina, pero por exemplo Estados Unidos si que publica o seu apoio a Israel, xa que son aliadas militares. A ONU reslveu en 2016 que os asentamentos israelís en territorio palestino non son legais e que poñen en perigo a solución biestatal.

FILIPINAS

O NPA, brazo armado do Partido Comunista de Filipinas, inicia a loita armada en 1969 e acada o seu maior poder nos anos oitenta baixo a ditadura de Ferdinand Marcos. O seu principal obxectivo é o acceso ao poder, así como a transformación do sistema político e do modelo socioeconómico actual cara un de inspiración maoísta. Teñen como referentes políticos ao mencionado Partido Comunista de Filipinas e ao National Democratic Front (NDF), que agrupa a varias organizacións de inspiración comunista. O NDF mantén negociacións de paz infrutuosas co Goberno dende principios dos noventa. No caso do NPA, que conta co apoio económico de unidades locais de goberno e de empresas mineiras, as conversacións para o cese da actividade violenta non están máis avanzadas: actualmente mantense un alto o fogo unilateral, con continuas ameazas de rotura polas operacións militares do goberno contra as zonas controladas polo grupo. De todos os xeitos, os niveis de violencia descendieron nos últimos anos nun conflito que conta ao redor de 30.000 vítimas mortais.

FILIPINAS (MINDANAO)

No último ano a violencia intensificouse en Mindanao, na que varios grupos armados se enfrontan ao Goberno e tamén entre si. Dende o ano 2010 opera neste territorio o BIFF, unha facción rebelde de antigos insurxentes do MNLF e o MILF que reivindicaban a autodeterminación do pobo musulmán. Por outra parte, o grupo Abu Sayyaf loita dende principios dos noventa para establecer un Estado Islámico independente en Sulu e nas rexións occidentais de Mindanao, operando sobre todo a través de secuestros. Ademais, dende o 2016, a irrupción do ISIS na escena internacional provocou a aparición de numerosos grupos yihadistas na zona. A comezos deste mesmo ano, unha ofensiva de grupos terroristas afíns ao ISIS (Maute, Abu Sayyaf) en Malawi supuxo a declaración da lei marcial por parte do Goberno filipino, que se mantén a pesar da caída de importantes líderes insurxentes. Estímase que estes

conflictos provocaron xa unhas 900 mortes e 280.000 desprazados internos*; estímase ademais que o Abu Sayyaf ten máis dunha vintena de reféns.

JAMMU E CACHEMIRA

O Conflito armado neste estado indio ten a súa orixe na partición entre India e Pakistán. Durante o século pasado xa se enfrontaron para reclamar a soberanía sobre esta rexión, que quedou dividida entre India, Pakistán e China. É importante destacar que é o único estado indio cunha maioría da poboación musulmá e que ten uns grandes recursos hídricos, que son un gran aliciente para Pakistán. Os principais grupos enfrontados son os gobernos de India e Pakistán e os grupos armados JFLK, Lahskar-e-Toiba.

No 2004 iniciouse un proceso de paz que India responsabiliza a Pakistán de romper tras un atentado en Bombay. Porén no 2016 o conflito deteriorouse aínda máis e morreron 267 persoas nos enfrontamentos entre as forzas de seguridade indias e os grupos armados. Ademais preto de 8000 persoas resultaron feridas. Cabe destacar o gran número de vítimas sexuais do conflito, segundo un estudio da ONG Médicos Sin Fronteiras un 11'6% das mulleres.

KAZAJISTÁN

Os Estados ex-soviéticos como Kazajistán herdaron dende a súa independencia unha alta conflitividade social e uns réximes políticos de tendencia autoritaria. Estas tensións internas, unidas ao declive económico do país nos últimos anos e á aparición do Estado Islámico, fixeron que aumentase progresivamente o risco de incidentes violentos vinculados a estes grupos armados. De feito, a mala situación política e as profundas raíces relixiosas do pobo kazajo provocaron ao redor de 2.000 desprazamentos internos cara a zonas controladas polo ISIS.

KIRGUIZISTÁN

Os Estados ex-soviéticos como Kirguizistán herdaron dende a súa independencia unha alta conflitividade social e uns réximes políticos de tendencia autoritaria. O país atravesou diversos períodos de violencia, o último deles no ano 2010, que culminou co derrocamento do réxime establecido. Estes enfrontamentos sociais contra o poder causaron a morte de máis de 80 persoas e centos de feridos, e provocou unha vaga de violencia que rematou con ao redor de 400 mortes.

Ademais, Kirguizistán enfróntase na actualidade ás ameazas de violencia de grupos armados islamistas situados e mantén as malas relacións cos veciños Uzbekistán e Tayikistán.

KURDISTÁN

Os kurdos son un pobo de orixe indoeuropeo que se asentaron no sur de Anatolia en torno ao s. X a. C. Desde ese momento foron conquistados por numerosos imperios ata quedar divididos entre Turquía, Siria, Irán, Irak, e a URSS. Desde ese momento sucedéronse as

tensións entre o pobo kurdo e os distintos gobernos dos países para constituír un país independente que os representase como pobo. Os países nos que hai maior conflito entre a poboación kurda e a etnia maioritaria son Turquía e Irak, onde se sucederon neste último ano varios acontecementos importantes no decorrer deste conflito.

En Turquía este conflito existe dende hai varias décadas e sempre tivo tintes violentos. Os dous principais exércitos inmersos nesta guerra son o Grupo armado kurdo PKK e o exército do goberno turco. No verán de 2015, tras o bo resultado electoral obtido polos nacionalistas kurdos nas eleccións e a ruptura do proceso de paz viviuse un recrudecemento da represión ao pobo kurdo por parte do goberno democrático turco.

O proceso de paz entre ambas partes existía dende 2013, pero rompeuse por mor dun atentado do Estado Islámico onde morreron 33 militantes kurdos, o que fixo que se acusara ao goberno turco de axudar ao EI. Como resposta o exército turco bombardeou asentamentos kurdos en Siria e Irak, iniciando unha guerra similar en grado de violencia, á dos anos 90.

Este conflito deixa desde xuño de 2015 800 militantes do PKK, 750 soldados das forzas de seguridade e 338 civís falecidos, aos que hai que sumarlle 259 falecidos en atentados do ISIS, que tamén actúa na rexión do Kurdistán turco. Os refuxiados kurdos viaxan sobre todo cara Irak e Siria, e no marco europeo cara Alemaña e Gran Bretaña.

LÍBANO

A chamada Revolución dos Cedros de 2005 polarizou o espectro político libanés en anti-sirio (Alianza 14 de marzo) e pro-sirio (Alianza 8 de marzo). Ademais, o nacemento do grupo armado Hezbolá a principios dos oitenta, para opoñer resistencia contra Israel e loitar pola liberación de Palestina, orixinou enfrontamentos periódicos ata culminar nunha guerra civil en 2006 que durou pouco máis dun mes pola intervención das Nacións Unidas.

Neste clima de tensión interna constante, a Guerra Civil siria que comezou no 2011 estendeuse ao veciño Líbano, provocando enfrontamentos entre partidarios e detractores deste réxime. Así mesmo, a presenza de miles de desprazados palestinos e sirios en territorio libanés agravou a situación, sobre todo preto das fronteiras. Amnistía Internacional estima que Líbano acolle a máis de un millón de persoas refuxiadas de Siria, que se sumaban a uns 280.000 palestinos que había xa no país e a máis de 20.000 procedentes de outros países como Irak, Sudán ou Etiopía.

MANIPUR

Na década dos 60 e 70 surxen en Manipur grupos armados que buscan unha maior autonomía. A pobreza existente no estado e o illamento respecto ao resto do país contribúen a consolidar un sentimento de inconformismo. Ademais o goberno indio cometeu inxustizas e agravios contra o grupo étnico maioritario no estado, os meitei, que non foron recoñecidos como tribu. Os actores deste conflito son o goberno indio e os grupos armados como o PLA ou o PREPAK.

No 2016 morreron 33 persoas en atentados e enfrontamentos entre as forzas de seguridade e os grupos armados.

MYANMAR.

Dende 1948, grupos armados (KNU/KNLA, SSA-S, SSA-N KNPP, UWSA, CNF, ALP, DKBA, SSNPLO, KIO, ABSDF, AA, TNL, MNDAA, ESRA) enfrontáronse ao Goberno birmano reclamando un recoñecemento ás súas particularidades étnicas e demandando unha nova distribución territorial e de competencias ou incluso a total independencia. Co inicio dunha ditadura militar en 1962, as Forzas Armadas do país combateron a estes insurxentes, engadíndose así as demandas de democracia ás de independencia. Dende finais dos anos oitenta, o Goberno birmano entrou en conversas de paz con parte destes grupos, que se financian fundamentalmente a través do tráfico de drogas e pedras preciosas, alternándose períodos de alto o fogo con outros de accións violentas.

Ademais, dende a ano 2012 o conflito armado expandiuse ao estado de Rakhine coa aparición dun novo grupo insurxente, *HaY*, que ten como obxectivo denunciar a persecución ao pobo *rohingya* no país. En outubro do pasado ano, os militantes *rohingya* atacaron varios puntos de control de seguridade e mataron a decenas de policías. As forzas de seguridade de Myanmar responderon lanzando operacións contra os insurxentes, aumentando a cifra de mortos: 400, segundo os datos ofrecidos polo propio goberno de Birmania. Na actualidade, o enfrontamento relixioso dos budistas con este pobo musulmán está producindo un éxodo masivo destes últimos cara o veciño Bangladesh. Segundo datos publicados polo IDMC, os número de desprazados en Myanmar por este conflito foi de 664.000 persoas ata o ano 2016. O agravamento da crise en 2017 aumentou a cifra en 115.000 máis, o que provocou que tanto Amnistía Internacional como as Nacións Unidas cualificaran o sucedido como “catástrofe humanitaria” e “crimes contra a humanidade”, respectivamente.

PAKISTÁN

O conflito armado que afecta a zona das Áreas Tribais Administradas Federalmente (FATA) e á provincia de Hyber-Pajtunjwa comezou no 2001 a raíz da intervención en Afganistán. A caída do réxime talibán en Afganistán fixo que membros do goberno e milicias e varios grupos insurxentes buscaran refuxio en Pakistán, nestas dúas provincias.

O descontento de varios grupos pakistanís que formaban parte da insurxencia talibán con que o goberno axudara a EEUU a buscar insurxentes fixo que se creara o movemento talibán pakistaní. Comezou a cometer atentados no resto do territorio pakistaní sen distinguir entre institucións e civís.

En 2013 retomáronse os contactos entre o Goberno e os talibáns co obxectivo de iniciar as negociacións de paz, pero o asasinato dun líder talibán por un avión americano interrompiu o proceso que derivou nunha escalada de violencia e enfrontamentos armados.

Aínda que nos últimos dous anos se reduciron os atentados, seguen producíndose enfrontamentos con grandes números de vítimas e continúan os ataques da insurxencia e as operacións do exército pakistaní para frealos.

Desde 2007 morreron nestas dúas rexións arredor de 40 mil persoas, e preto de dous millóns de civís desprazáronse cara outras provincias.

QATAR

Qatar é unha monarquía absoluta islámica, ademais do país máis rico do mundo. O 5 de xullo de 2017 Arabia Saudí, os Emiratos Árabes Unidos, Bahrein e Exipto (ademais de Libia e o goberno de Yemen) romperon as súas relacións con Qatar alegando que proporciona refuxio a terroristas islámicos e que mantén as relacións diplomáticas e comerciais con Irán, sabendo que Estados Unidos pediu un illamento para que non seguisen co proxecto nuclear. Ademais acúsano de apoiar aos rebeldes de Yemen cando pertence á coalición de países árabes que se posiciona a favor do goberno yemení.

Os países que romperon relacións con Qatar pecharon as súas fronteiras, restrinxiron as compañías aéreas qatarís, expulsaron a todos os cidadáns qatarís que viven dentro das súas fronteiras e eliminaron todos os acordos comerciais co país. Ademais Reino Unido e Estados Unidos, que teñen intereses petrolíferos e bases aéreas na zona pediron unha resolución pacífica do conflito.

SIRIA

A guerra que afecta a Siria dende o 2011 ten as súas raíces na Primavera árabe, as revoltas para derrocar o réxime de Bashar al-Assad. O réxime reprimiu as revoltas de forma violenta, acusándoas de ser terroristas apoiados dende o exterior, e isto fixo que a poboación tomara as armas. O conflito non fixo máis que agravarse dende entón.

O detonante foi a violencia exercida polas forzas de seguridade nunha protesta polas detencións de un grupo de estudantes na que morreron catro persoas. A partir dese momento as protestas propagáronse e entrouse nunha espiral de violencia. O réxime reaccionou con represións e detencións masivas e a ONU alertou de execucións, torturas, desaparicións e incumprimento dos dereitos humanos.

Nos últimos anos a guerra caracterizouse pola radicalización dos grupos armados e pola internalización do mesmo, debido aos intereses estratéxicos de potencias como Rusia, que se posicionou a favor do goberno de Al-Assad ou Arabia Saudita e Turquía, que se posicionaron a favor dos rebeldes.

A oposición siria derivou cara un corte máis islamista, como por exemplo o crecemento do Frente Al-Nusra, considerado a filial de al-Qaeda en Siria así como o Estado Islámico, que comezou a invadir Siria no 2014. O ISIS enfrentouse indiscriminadamente cos grupos da oposición, co Frente al-Nusra, co goberno sirio e coa coalición Forzas Democráticas de Siria, formada por kurdos, sunís e milicias cristiás. Dise que se está librando unha guerra dentro de unha guerra, na que a oposición siria moderada está loitando contra o goberno e contra os grupos islamistas radicais.

No ano 2013 utilizáronse armas químicas para atacar a civís e rebeldes, e EEUU involucrouse no conflito e empezou a bombardear posicións do ISIS xunto con varias potencias europeas. Tras cinco anos o número de mortos ascende a 400.000 e habería 2 millóns de feridos. Ademais a metade da poboación do país viuse forzada a marchar das súas casas. 4,2 millóns de refuxiados sirios viven en Líbano, Turquía, Iraq e Xordania, e máis de 7,6 desprazáronse dentro de Siria.

A ONU acusa a ambos bandos de cometer crimes contra os dereitos humanos como masacres, execucións, torturas, utilizar armas químicas ou utilizar a violencia sexual e a fame como arma entre outros. No 2014 unha resolución solicitou a ambas partes, sobre todo ao goberno sirio, que deixara acceder a axuda humanitaria a Siria.

SRI LANKA

Trala descolonización do país, a marxinação levaba a cabo polo goberno, formado polas elites cingalesas, sobre o pobo tamil favoreceu a creación do grupo de oposición LTTE, que loito durante décadas para conseguir un estado independente tamil. As continuas ofensivas do LTTE foron contrarrestadas con acordos de paz momentáneos, pero a falta dun acordo definitivo provocou unha gran revolta tamil en maio de 2009. A forza militar srilankesa venceu aos insurxentes e recuperou o territorio que eles controlaban. Dende entón, segundo datos da ONU, 280.000 persoas permanecen desprazadas no país. Na actualidade, o Goberno segue negándose a investigar os crimes de guerra; máis de 6.500 eran civís.

TAILANDIA

Tailandia é unha monarquía constitucionalista, pero sempre foi un país moi inestable no que se suceden as ditaduras militares, como está a ocorrer agora. Cando se dividiu o territorio entre Tailandia e Malasia tres provincias do sur, Pattani, Yala e Narathiwat cunha maioría da poboación musulmá, comezou a pertencer a un país dunha maioría budista. Esta minoría malaya leva décadas opoñéndose ao goberno tailandés, porque os altos cargos non teñen en conta nin a súa lingua nin a súa cultura.

O conflito intensificouse en 2004 tras un golpe de estado e ata xaneiro do 2016 deixou 6543 mortos e case 12 mil feridos en atentados con bombas e diversos explosivos. Ademais máis de 100 mil persoas tiveron que abandonar o país e 5 mil aínda non conseguiron asilo.

TAYIQUISTÁN

Os Estados ex-soviéticos como Tayiquistán herdaron dende a súa independencia unha alta conflitividade social e uns réximes políticos de tendencia autoritaria, que neste

caso culminou cunha guerra civil que rematou en 1997. Na actualidade, o país fai fronte a unha dobre tensión no seu territorio: por un lado, á presenza de grupos de tendencia yihadistas poñen en perigo a paz e, por outro, as constantes disputas fronteirizas cos veciños Uzbekistán, Kirguistán e Afganistán.

YEMEN

A Guerra civil en Yemen é consecuencia de moitos factores como a pobreza na que está inmersa o país, os altos índices de corrupción e a diferenza entre a parte norte e sur do país. No marco da primavera árabe empezou unha revolución contra o goberno, que respondeu cunha represión violenta. Lonxe de rematar coas revoltas as protestas volvéronse conflictivas e lograron que o presidente dimitira e que non nomeara sucesor. Convocáronse eleccións e saíu electo Hadi. Porén no 2014 houbo un golpe de estado que derrocou a Hadi e que dividiu ao país en dous: os leais a Hadi no sur e os leais ao anterior presidente Saleh.

O goberno de Hadi ten como aliados a coalición liderada por Arabia Saudí, aos separatistas do sur e a parte das forzas de seguridade. Os rebeldes son a etnia dos huzíes, parte das Forzas de Seguridade. Ademais no país tamén opera Al-Qaeda e o Estado Islámico.

A Guerra Civil deixa en Yemen 12 mil falecidos, máis de 8 mil feridos ademais de 3 millóns de refuxiados en países como Somalia e Yibuti.

1.2 ÁFRICA.

BURKINA FASO.

Burkina Faso é un país africano gobernado por unha república semipresidencialista unitaria. Sufriu do 30 de outubro de 2014 ata o 29 de novembro de 2015 un conflito armado e estrutural. Dende 2011 comezaran a producirse diversos motíns militares xerándose unha grave crise de desconfianza entre o Goberno e sectores diversos. Dende o 30 de outubro de 2014 ata o 29 de novembro de 2015, o país estivo inmerso nun proceso de transición liderado por un goberno provisional de carácter militar que xorde dun golpe de Estado que se consumou tras días de levantamentos e revoltas. Este período estivo protagonizado por protestas cidadás contra o intento de reforma a Constitución para optar a unha reelección, fixeron caer a Compaoré, exiliándose en Costa de Marfil. Tralo derrocamento do ex presidente, reclámase que a transición sexa dirixida por un líder civil e non militar. Existe polo tanto un rexeitamento social contra o tenente coronel Isaac Zida, o novo presidente, o que desembocará en numerosos momentos de tensións onde se podería ver un “inicio de guerra civil”. Este proceso de transición finalízase a finais de 2015 coa celebración de eleccións xerais e a vitoria de Roch Marc Christian Kaboré, novo presidente.

COSTA DE MARFIL.

Costa de Marfil é un país africano encabezado por unha república presidencialista. Vive dende 2010 un panorama bélico protagonizado por dous bandos destacados: as forzas pro-Gbagbo, apoiadas pola FANCI (Forzas Armadas de Costa de Marfil), Exército, Armada, Forza Aérea, Garda Republicana, FPI (Frente Popular Marfileño), JPA (Jóvenes Patriotas de Abiyán), FRGO (Frente de Resistencia do Gran Oeste) e Mercenarios liberianos; e as forzas anti-Gbagbo nas que loitan a RDR (Alianza de Republicanos), a FNCI (Novas Forzas de Costa de Marfil), a ONU e Francia.

O conflito debeuse a una crise política que sumía ao país no ano 2010 en violencia. Esta crise foi provocada pola vitoria do líder opositor Alassane Ouattara na segunda volta das eleccións presidenciais o 28 de novembro de 2010. O que fora presidente ata o momento, Laurent Gbagbo foi derrotado pola falta de apoio por parte da cidadanía e da comunidade internacional, mais acompañado pola lealdade das forzas armadas. Esta crise política desembocaría nunha guerra civil tras meses de negociacións e violencia esporádica entre os dous bandos cando as milicias de Ouattara tomaron o control do norte do país a comezos de 2011. Mentres, Gbagbo resgárdase en Abiyán onde entran ao día seguinte as milicias provocando unha batalla (25 de febreiro de 2011). Esta deuse por finalizada coa captura de Gbagbo e a vitoria das forzas de Alassane Ouattara o 11 de abril e a cifra de 600 falecidos. Tanto a Unión Europea, como os Estados Unidos, Unión Africana e Comunidade Económica de Estados de África Occidental se involucraron no proceso.

ERITREA.

Eritrea é unha república unipartidista africana. Eritrea era en 2013, e continúa a ser, un país pechado de fronteiras herméticas. A liberdade de circulación, expresión e relixión non existen e hai unha significativa violación de Dereitos Humanos. En 1993, tras tres décadas de guerra de liberación nacional, recoñeceuse a independencia de Eritrea internacionalmente. Non obstante dende entón non se evitaron os conflitos con Yemen e a guerra con Etiopía (1997-2000). Actualmente, e trala intervención da ONU e o establecemento de fronteiras en 2002 pola resolución do Tribunal Internacional de Xustiza, Eritrea non acepta aínda a delimitación de fronteiras.

“É un dos países máis represivos, opacos e inaccesibles do mundo” afirmaba Claire Beston, especialista en Eritrea de Amnistía Internacional. “O presidente Afewerki considera o seu pobo como un escravo. O país converteuse nun inmenso campo de traballo forzado” denuncia o xornalista Léonard Vincent, especializado en Eritrea e antigo responsable da oficina en África de Reporteiros Sen Fronteiras. A falla de liberdade de expresión non se limita unicamente aos medios de comunicación senón tamén á política: a oposición está prohibida. Ademais, a tortura é habitual, xeneralizada nunha rede de centros de detención onde se encerra aos prisioneiros en celas subterráneas ou contedores de transporte metálicos instalados en pleno deserto.

Segundo o Global Trends Report de 2012 do Alto Comisionado das Nacións Unidas para os Refuxiados, Eritrea é o décimo país do mundo en canto á orixe de refuxiados, con 285.000 persoas. A ONU estima que 3.000 eritreos abandonaron o país cada mes do 2012. Un exemplo disto sería 3 de outubro de 2013 cando máis de 300 persoas emigraron cara Europa morrendo afogadas no naufraxio dun bardo preto da illa de Lampedusa. A meirande parte delas fuxían da penuria vivida en Eritrea. A pesar disto, non existe unha clara implicación das potencias occidentais.

LIBIA

Libia é unha República parlamentaria do continente africano que xa no 2011 sufrira unha guerra civil que logo se volveu desencadear 3 anos despois. Tras a de 2011, que durara meses, e tras a cal derrocaron ao seu anterior gobernador, xorde a segunda guerra civil de Libia. Poderíamos enmarcala nun contexto histórico determinado polo fin da revolución democrática árabe ou Primavera Árabe, desenvolta en África entre 2010 e 2013.

Falamos agora, dende o 16 de maio de 2014 dunha segunda guerra civil en Libia ou un conflito armado intraestatal con diversos apoios internacionais ás diferentes forzas belixerantes.

Neste conflito sí que se deu un maior número de países involucrados: interviron Exipto, os Emiratos Arabigos Unidos e potencias como ben son os Estados Unidos, Rusia, Francia, Reino Unido e Italia.

O desencadeante principal foi a competición política entre o Este e o Leste de Libia e entre as localidades de Zintan e Misurata. Asemade, influíu a extensión do mandato do Congreso Xeral (dominado polos musulmáns) e máis a inxerencia de países árabes.

É pois, que mentres se palpaban as tensións políticas nesta República parlamentaria, diversos actores comezaron a acción belixerante. Entre eles, están a Cámara de Representantes de Libia, o Congreso Xeral Nacional, e as forzas xihadistas. Ilo non quere dicir que non actuasen o Exército Nacional Libio.

Dende comezado o conflito, os mortos cifráronse en 5000 civís e militares dos cales 2825 morreran xa no 2014. Ademais, máis de 417.000 persoas foron desprazadas internamente e 234.000 emigraron ó extranxeiro. Non hai datos concretos sobre os países a onde foxen os civís desta cruenta loita, mais podemos deducir que son países europeos con ausencia de conflitos.

Na resolución adoptada pola ONU se instou a prorrogar a UNSMIL co fin de exercer mediación e oficios en apoio dun proceso político inclusivo; a continuación da aplicación do Acuerdo Político Libio e consolidación dos planes económicos e de gobernanza e seguridade do Goberno do Consenso Nacional. Asemade, díctase a realización por parte da UNSMIL de apoio ás institucións fundamentais de Libia así como á prestación de servizos esenciais e asistencia humanitaria; e a vixía da

situación dos Dereitos humanos e máis das armas e o material conexo non controlados.

MALÍ

Malí é unha República semipresidencialista situada no continente africano. O conflito xurdido neste país deuse nun Estado no que se palpa ao igual que noutros o desexo de independencia dalgúñas autonomías, polo que xorden insurxentes que no 2012 lanzan unha campaña contra o goberno de Malí reclamando a independencia do norte do país.

Falamos agora dun conflito armado intraestatal de índole político-ideolóxica no que interviron Francia e Azawad, unha rexión de Malí declarada unilateralmente independente en 2012. Este conflito comezou o 16 de xaneiro de 2012 e finalizou o 18 de xuño de 2013. A ambición pola independencia do norte de Malí deu lugar a que a intervisen na acción o Comité Nacional para a Restauración da Democracia e do Estado, o Movemento Nacional para a Liberación do Azawad, e o exército Francés así como outras forzas doutros países da Unión Africana e máis o exército de Malí.

Poderíamos dicir que, foron vencedores os tuaregs (grupo de persoas que reclamaban a independencia). Pero non que vencesen pola espiral de violencia que deixaron tras de sí senón pola obtención da independencia da rexión que tanto desexaban.

No que aos feridos e falecidos respecta, non se proporcionan datos debido á falta de soportes e informacións rexistradas. En 2012 e 2013, iso si, contáronse máis de 150.000 persoas desprazadas a países como Burkina Faso, Mauritania e Níxer.

O conflito deu lugar a unha resolución da ONU que autorizou o envío dunha misión militar extranxeira ao país para restablecer a paz. Os insurxentes, malia iso, oponen resistencia ás forzas internacionais. De feito, a Unión Europea aportou 63 millóns de euros e España 3'8 millóns de euros destinados a obter a estabilización do país e a sufragar a misión militar.

NIXERIA

Nixeria é unha República federal situada no continente africano, cuxo conflito comezou en 2002 coa formación dun grupo terrorista fundamentalista islámico chamado Boko Haram, o cal, en 2009, deu lugar a unha espiral de violencia que perdura ata hoxe. Trátase pois, dun conflito armado interestatal de índole político-ideolóxica que ata hoxe foi evolucionando como unha guerra entre as forzas de combate sacadas á loita.

Interviron neste conflito países do continente africano como Camerún, Chad, Níxer e Nixeria, propiamente. Porén, hai diversas potencias involucradas como ben son Estados Unidos, Reino Unido, Francia, Rusia, China e Canadá.

O grupo fundamentalista islámico Boko Haram mencionado anteriormente poderíamos dicir que é o desencadeante do conflito. Asemade podemos afirmar que xorde este grupo e xorde o conflito coa finalidade de establecer a Sharia como norma vixente en tódolos estados de Nixeria (lembrems que falamos de Nixeria como un país que é unha República Federal). Para conseguir dita imposición, reflectiron a súa ambición en atentados aos grupos policiais estatais. Pero non só foron estes os actores do conflito, senón que o exército de Nixeria puxo a 130.000 persoas como personal activo fronteirizo, 32.000 reservistas e 371.800 policías do país; e máis o exército de Camerún, composto por 20.000 soldados xunto cos 8.750 da Unión africana.

Á hora de determinar vencedores, cifras de feridos e falecidos, ou mesmo o financiamento ou custo do conflito, poderíamos dicir que nin se pode determinar quen venceu mentres o conflito non remate; nin unha cifra exacta de feridos/mortos/custo ou financiamento do conflito debido á ausencia de soportes e instrumentos residentes na persoa encargada da comunicación de estas informacións. Nembargantes, sí podemos cifrar o número de desprazados que se deu ata 2015 en 1.200.000 persoas. Algunhas persoas, en vez de ser acollidas en outro país distinto ao do conflito do que falamos, foron acollidas en propios campos de desprazados no territorio dos Estados que conforman Nixeria. Outros desprazados buscaron refuxio en países veciños como Camerún e Chad.

No ano 2015, o Consello dos Dereitos Humanos das Nacións Unidas adoptou unha resolución na cal se instaba á comunidade internacional a redoblar os esforzos para conter a propagación de Boko Haram. Esta resolución pretendeu extender o apoio activo a Camerún, Chad, Níxer e Nixeria.

REPÚBLICA DO CONGO.

República do Congo é un país africano sumido nun conflito armado que se prolongou do 4 de abril de 2012 ao 7 de novembro de 2013. Este foi protagonizado por dous bandos enfrontados: os rebeldes (Movemento 23 de Marzo (M23), un grupo rebelde militar así como as forzas prestadas por Ruanda e Uganda) e o goberno (Exército gobernamental, MONUSCO (Misión das Nacións Unidas na República Democrática do Congo) así como as forzas prestadas por Sudáfrica, Tanzania e Malawi) coa vitoria dos segundos. O Consello de Seguridade decide prorrogar o mandato da MONUSCO na República Democrática do Congo ata o 31 de marzo de 2018.

O conflito do este do Congo é a continuación dos enfrontamentos producidos na provincia de Kivu do Norte dende o fin da Segunda guerra do Congo en 2002. En abril de 2012 soldados de etnia tutsi amotináronse contra o goberno da República Democrática do Congo. Os amotinados crearon un grupo chamado M23 formado por antigos membros da organización rebelde Congreso Nacional pola Defensa do Pobo. O antigo comandante do CNDP, Bosco Ntanga, foi acusado de liderar o motín. Tralo saqueo da cidade de Goma, o 5 de novembro de 2013 o líder político do M23 anunciou o fin das operacións militares e ordenou o desarme.

O 8 de xullo, os rebeldes capturaron Rutshuru, a 70 quilómetros de Goma, a capital da provincia Kivu Norte. Cara o 10 de xullo, os rebeldes cada vez se achegaban máis a Goma, os rebeldes tomaban as cidades con facilidade, con tropas do goberno que polo xeral se retiraban. O 20 de xullo, o M23 e as forzas do goberno chegaron aos arredores de Kibumba e Rugari, obrigando a miles de civís a fuxir cara Goma. Os enfrontamentos estalaron de novo en novembro de 2012 con explosións preto de Goma. O 18 de novembro, as tropas congolesas e a administración abandonaban Goma ante a ofensiva do M23. Ao día seguinte, as forzas do M23 comezan a toma de Goma. Preto de 500000 persoas fuxiron dos combates segundo apunta a BBC.

SENEGAL

Senegal é unha República semipresidencialista do continente africano cuxo conflito deuse concretamente en Casamance. O contexto histórico no que se enmarca esta guerra civil que durou 32 anos é moi amplo dada a inmensidade do período do tempo no cal se desenvolveu. Falamos pois, do recente restablecemento das democracias occidentais, diversas crises económicas... incluso estivo activa durante a revolución democrática árabe.

Foi un conflito de índole político-ideolóxico que derivou nunha guerra civil na que interviron Francia e Guinea-Bissau, cuxo principal desencadeante foi a independencia que se reclamaba para a rexión de Casamance por parte do grupo xurdido na mesma: o Movemento de Forzas Democráticas de Casamance. Actores belixerantes deste conflito foron o exército gubernamental e as milicias.

Dende 1982 ata o 1 de maio de 2014, contáronse 5.000 mortos e entre 35.000-60.000 desprazados que escaparon, entre outras, pola fronteira con Gambia.

UGANDA.

Uganda é unha república presidencialista africana de carácter unitario. Vive dende 1986 un conflito armado e estrutural protagonizado polo Exército de Resistencia do Señor (LRA). O conflito trouxo consigo máis de 150000 mortos, decenas de miles de falecidos e 1,4 millóns de desprazados, deles, un 80% nenos e mulleres.

Para contextualizar este conflito é preciso facer mención da LRA, unha organización extremista cristiá que opera en Uganda combatendo contra o goberno. O seu líder é Joseph Kony, autoproclamado médium espiritual, quen pretende establecer un réxime teocrático baseado no cristianismo. Calcúlase que dende a súa fundación LRA secuestrou entre 20 mil e 30 mil nenos para utilízalos como escravos sexuais e soldados. A guerrilla ataca a diario, sobre todo nos distritos de Lira, Gulu, Pader e Kitgum.

No norte de Uganda, líbrase dende fai 18 anos unha guerra civil silenciosa, cruel e oculta que trae como consecuencia unha sociedade rota e desestruturada. Todo

comezou por un “odio patolóxico”, segundo apuntan algunhas fontes, que o líder da LRA, Joseph Kony, sente por Museveni e a desconfianza deste cara os acholis, unha tribu encargada do exército e a policía na época colonial. Baixo a escusa de superar a marxinação na que vive a comunidade acholi, Kony pretende instaurar un réxime baseado nos Dez Mandamentos. Ante a negativa do pobo de volveirse contra Museveni, Kony responde con represión e violencia. Segundo apunta José Carlos Rodríguez Soto, fonte nun artigo de El País: A LRA “ten no illamento do mundo exterior o seu sinal de identidade”.

1.3 AMÉRICA.

BOLIVIA

Bolivia é unha república, que dende que en 1879 Chile se impuxo a este país e a Perú na Guerra do Pacífico mantiveron unha relación tensa debido á disputa polo corredor de Atacama. Bolivia perdeu a costa, converténdose nun país sen saída ao mar.

A crise actual iniciouse en 2013, cunha demanda de Bolivia contra Chile, ante a Corte Internacional de Xustiza, baseada na evidencia dos múltiples compromisos incumplidos ao longo de varias décadas, como por exemplo, o mencionado acceso ao mar. A tensión continúa na actualidade, entre os últimos feitos, José Antonio Kast, un dos oito candidatos que buscan a presidencia de Chile propuxo o 16 de outubro pechar as fronteiras con Bolivia para frear o narcotráfico.

A Corte da Haia desestimou as obxeccións preliminares presentadas por Chile no 2015, o que lle deu paso á demanda de Bolivia de ter acceso ao mar. A Corte Internacional de Xustiza valorará no 2018, as negociacións entre Chile e Bolivia para que esta última cumpra o seu obxectivo.

COLOMBIA

En Colombia, unha república constitucional, enfrontáronse as FARC e o Exército Nacional de Colombia. Xorde no marco das loitas de liberación latinoamericanas, alimentadas pola tensión entre Estados Unidos e a Unión Soviética. O conflito colombiano remóntase á orixe das Forzas Armadas Revolucionarias de Colombia – FARC- cando estas comezan como un grupo de autodefensa de campesiños comunistas que se agrupan en Marquetalia, un pequeno territorio sen control do Estado. No ano 1964, as forzas do Goberno atacan este lugar forzando a súa fuxida e a raíz disto, dous guerrilleiros, Marulanda e Jacobo Arenas fundan as FARC en 1966. Na década dos oitenta, as FARC márcanse o obxectivo de chegar ao poder e xa entrada a década dos 2000 cobra importancia no conflito o narcotráfico –principal fonte de financiamento das FARC- ademais de entrar Estados Unidos en escena, ofrecendo axuda ao bando contrainsurgente.

Este conflito armado, un conflito pola terra, comezou coa constitución da Fronte Nacional en 1958 e o seu fin iniciouse o 24 de agosto de 2016, cando o Goberno de Colombia e as FARC anunciaron o acordo final de paz. O acordo foi firmado o 26 de

setembro do mesmo ano, e no que se establecía a entrega das armas á ONU. O desarme concluíuse o 15 de outubro de 2017.

O desencadeante deste conflito foron as desigualdades sociais que causaron o capitalismo, así como a debilidade institucional e a precaria presenza do Estado e os problemas agrarios que se estaban a desenvolver.

Neste conflito a cifra de mortos estímase en 218.094 persoas, entre os feridos recóntanse 274.784 e entre os desprazados 7.134.646. Os refuxiados deste suceso atópanse principalmente en países de fala hispana como Ecuador, Venezuela, Panamá, Argentina, Chile, Uruguai, Paraguai, España e tamén Brasil Canadá e Estados Unidos. Tras unha visita a Colombia, o Consello de Seguridade da ONU conclueu o 5 de maio de 2017 que o proceso de paz que vive o país é irreversible ademais de ratificar o seu compromiso con el de cara o futuro.

Cinco décadas de conflito no país estímase que supuxo un custo de 411 billóns de pesos.

VENEZUELA

Bolivia é unha república, que dende que en 1879 Chile se impuxo a este país e a Perú na Guerra do Pacífico mantiveron unha relación tensa debido á disputa polo corredor de Atacama. Bolivia perdeu a costa, converténdose nun país sen saída ao mar.

A crise actual iniciouse en 2013, cunha demanda de Bolivia contra Chile, ante a Corte Internacional de Xustiza, baseada na evidencia dos múltiples compromisos incumpridos ao longo de varias décadas, como por exemplo, o mencionado acceso ao mar. A tensión continúa na actualidade, entre os últimos feitos, José Antonio Kast, un dos oito candidatos que buscan a presidencia de Chile propuxo o 16 de outubro pechar as fronteiras con Bolivia para frear o narcotráfico.

A Corte da Haia desestimou as obxeccións preliminares presentadas por Chile no 2015, o que lle deu paso á demanda de Bolivia de ter acceso ao mar. A Corte Internacional de Xustiza valorará no 2018, as negociacións entre Chile e Bolivia para que esta última cumpra o seu obxectivo.

1.4 EUROPA.

AZERBAIYÁN

Durante 1988 e 1994 Azerbaiyán e Armenia estiveron en guerra polo territorio de Nagorno Karabaj, onde había unha mioría armena, pero estaba rodeado por Azerbaiyán. Nos últimos anos houbo unha calma aparente, pero de novo as tensións reaviváronse.

O conflito de Azerbaiyán, que é unha república, inicouse o 2 de abril de 2016, e continúa na actualidade.

O desencadeante principal da tensión actual foron grupos armados de Nagorno Karabaj e tropas armenas e azeríes que intercambian ataques e disparos.

Diversas fontes aseguran que a tensión continuará até protagonizar un conflito bélico moi relevante no panorama internacional, ademais de implicar a potencias como Rusia e Turquía.

BIELORRUSIA

Bielorrusia –república- depende dos suministros de petróleo de Rusia. Minsk impugnou o prezo do gas ruso, calculado segundo a fórmula contractual, co argumento de que os prezos deste combustible caerían considerablemente en Europa. En resposta aos impagos, Rusia anunciou a redución dos suministros de petróleo a Bielorrusia.

A tensión existe dende agosto de 2013, e foi en setembro de 2017, cando Rusia despregou tropas en Bielorrusia xustificandoo como unha acción de defensa. O detonante foi a detención do presidente da empresa rusa Uralkali.

A débeda de Bielorrusia ascende a 700.000 millóns de dólares.

CATALUÑA

O conflito catalán remóntase a anos de tensión dende o 2012. No 2014 celébrase unha consulta popular sobre o futuro político de Cataluña. Foi en 2015, nas eleccións rexionais cando triunfa Junts pel Sí, a coalición de partidos que pretenden a independencia. Tras un longo proceso de negociación logra o apoio da CUP, de extrema esquerda. A pacto consumouse o 9 de xaneiro do 2016, cando Artur Mas é relevado por Carles Puigdemont. O paso decisivo deuse o 6 de setembro do 2017 coa aprobación no Parlamento Catalán de dúas leis de secesión –Lei do Referendo e a Lei da Transitoriedade Xurídica e Fundacional da República- para lograr facer o referendo, pero que non foron aceptadas polo Goberno central.

Durante o 1 de outubro de 2017, durante o referendo, estímase que houbo un total de 893 feridos. Ademais, cabe destacar que tras o referendo, diversas empresas decidiron desprazar as súas sedes dende Cataluña a comunidades próximas como Valencia. Entre elas atópanse o Banco Sabadell, Caixabank ou Gas natural.

A ONU mostrou a súa confianza no Goberno español para parar o referendo antes do 1 de outubro, unha vez celebrado os altos comisionados piden que se investigue de maneira imparcial a violencia acontecida durante o referendo.

Por último, calcúlase que o referendo supuxo un gasto de oito millóns de euros para a Comunidade Autónoma.

UCRANIA

Ucrania é unha antiga república da Unión Soviética. O conflito iniciouse a raíz das decisións tomadas polo antigo presidente do país, Viktor Yanukovich. Este era prorruso, polo que se negara a firmar un acordo de asociación coa Unión Soviética, desexada por unha parte do pobo. Os ucranianos saen a protestar ás rúas e comeza a tensión, ademais, os rusos que habitaban en Ucraia tomaron o control da Península de Crimea.

A crise comezou o 6 de abril de 2014 coas protestas populares e aínda que se firmou o alto en fogo o 15 de febreiro de 2015 continúa habendo diversos combates entre os rebeldes prorrusos e o exército ucraniano.

Estímase que se produciron 9449 mortes e 21.843 feridos. O número de desprazados dentro do propio país é de 1,2 millóns e 800.000 cidadáns ucranianos marcharon cara Bielorrusia, Rusia e distintos países da Unión Europea. Ademais, a guerra supuxo un gasto de máis de 700 millóns de euros.

Entre as distintas potencias involucradas están Rusia, Francia, Alemaña e Estados Unidos.

Durante o 2014, despois da crise de Crimea, a Asemblea Xeral da ONU aprobou unha resolución na que se solicitaba aos Estados que se abstivesen de adoptar medidas que impliquen a interrupción parcial ou total da unidade nacional e da súa integridade territorial dese país, incluído calquera intento de modificación dos límites fronteirizos.

2. A SECA NO MUNDO

AFGANISTÁN.

A seca de 2011 afectou a 2,6 millóns de persoas por falta de alimentos. Afganistán é un país con tendencia a sufrir desastres naturais, tanto secas frecuentes como inundacións, correntamentos de terra, etc. A ONU chama a atención dos seus países para non ignorar os graves problemas que atravesaba o país, a seca entre eles. Non hai datos oficiais respecto ao custe que supuxo esta seca.

CHINA.

A seca chinesa dos anos 2010-2011 foi provocada pola grave ausencia de precipitacións e de neve que sufriu o país. A ONU non tomou ningunha medida oficial, pero si o goberno chinés, que destinou 15 mil millóns de dólares para pagar aos labradores e subsidios para unha redución de prezos. En febreiro de 2011 gastáronse 1.000 millóns de dólares en perforacións para obter auga e usala sobre os campos de cereal. Esta crise afectou a 35 millóns de persoas, especialmente aos gandeiros.

ERITREA.

Dende o 2011 existe unha severa seca no corno de África polo fenómeno climático denominado *O Neno* que afecta a África oriental e meridional. Eritrea é un dos países máis afectados, e máis de 3.000 eritreos foxen do seu país cada mes, pola seca entre outros motivos. *Save the Children Etiopía*, pertencente á ONU, chama a incrementar os esforzos xa que cerca de 15 millóns de persoas que viven no Corno de África (Somalia, Etiopía, Eritrea e

Kenya) precisan asistencia urxente; por parte do goberno non existen datos nin medidas oficiais no que respecta á seca.

ETIOPÍA.

Etiopía é un dos países do corno de África afectados dende 2011 cunha seca severa polo fenómeno climático denominado *O Neno* que afecta a África oriental e meridional. 67 nenos morreron de desnutrición no mes de xuño de 2017 debido a que a poboación depende dos repartos de alimentos por mor da seca, e *Save the Children Etiopía*, pertencente á ONU, chama a incrementar os esforzos xa que cerca de 15 millóns de persoas que viven no corno de África (Somalia, Etiopía, Eritrea e Kenya) precisan asistencia urxente, como ocorre nos países veciños, non existen datos nin medidas oficiais no que respecta á seca.

INDIA.

Dende o 2016, o país sofre unha forte seca debido a unha diminución do 14% nas choivas durante o monzón, ademais de temperaturas máis elevadas do habitual. 330 millóns de persoas vense afectadas por esta situación, segundo o goberno indio; e aproximadamente 300.000 campesiños suicidáronse logo de perder as súas colleitas en 2016. Non hai ningunha medida oficial por parte da ONU, pero o goberno indio proporciona trens cargados con millóns de litros de auga de maneira puntual para paliar os danos.

IRÁN.

Entre os anos 2014 e 2016, debido ás escasas precipitacións e ás altas temperaturas, 353 de 600 mesetas do país encontráronse en situación de emerxencia pola grave seca. Por parte da ONU non se expresou ningunha medida concreta, salvo a necesidade de preparar aos agricultores para afrontar as situacións de seca extrema. Por outra banda, o goberno impulsa as creacións de transvases e presas artificiais, pero ningunha foi construída ata o momento.

KENYA.

Kenya sofre, dende o 2011, unha seca severa desde 2011 polo fenómeno climático denominado *O Neno* que afecta a África oriental e meridional. Hai máis de dous millóns de persoas afectadas, e *Save the Children Etiopía*, pertencente á ONU, chama a incrementar os esforzos xa que cerca de 15 millóns de persoas que viven no corno de África (Somalia, Etiopía, Eritrea e Kenya) precisan asistencia urxente. Como nos países veciños, non existen datos nin medidas oficiais no que respecta á seca.

SOMALIA.

Dende o 2011, o país sofre ondas de secas constantes. En gran parte debido ao fenómeno climático denominado *O Neno* que afecta a África oriental e meridional. Existen desprazados internos, 256.700 persoas só entre decembro de 2016 e marzo de 2017. Máis de 100 persoas morreron de fame en dous días por mor da seca (2-3 marzo 2017). Ademais, a seca é a gran causante de fame e enfermidades como o cólera que afectan gravemente ao país. Non existe ningunha medida oficial, pero o Presidente de Somalia, Mohamed Abdullahi Mohaemd Farmaajo declarou o estado de emerxencia en varias zonas do país pedindo axuda

internacional para evitar unha traxedia humanitaria. Ademais a organización *Save the Children Etiopía*, pertencente á ONU, chama a incrementar os esforzos xa que cerca de 15 millóns de persoas que viven no corno de África (Somalia, Etiopía, Eritrea e Kenya) precisan asistencia urxente.

SUDÁN.

Este país sofre unha seca crónica, cun número incalculable de afectados. As fontes de auga escasas, e secas severas comúns, e as choivas irregulares son os causantes da situación deste país, afectado polo fenómeno climático *O Neno*. Sudán pode converterse no primeiro país do mundo en ser declarado *inhabitable*, entre outros motivos, pola seca e as altas temperaturas. Existen Plans de Adaptación para cada rexión do país por parte do Ministerio de Medio Ambiente nacional, así como a construción de “haffirs” (reservorios de auga).

UGANDA.

Uganda é outro dos países do Corno de África afectado dende 2011 polo fenómeno climático *O Neno*. Existe unha severa malnutrición adulta e infantil e hai aproximadamente 6 mortos diarios debido á fame. Algunhas tribos realizan sacrificios humanos por parte de ritos de bruxería, que segundo as súas crenzas farán mellorar as condicións climáticas. O FAO (Fondo das Nacións Unidas para a Agricultura e a Alimentación) engadiu a Uganda ao grupo de países afectados pola seca do Corno de África, xa que detectaron focos de *inseguridade alimentaria*.

3. A FAME NO MUNDO

ETIOPÍA

Etiopía é un país do Corno de África, dos máis pobres do mundo e sofre condicións climatolóxicas extremas. O crecemento da poboación, a erosión do chan e o propio cambio climático fan que extenuadas superficies de cultivo deban ser explotadas de forma cada vez máis intensiva nun contexto de seca crecente. A fame comezou o ano pasado e sigue vixente na actualidade, motivada polo fenómeno meteorolóxico “El Niño” que provoca grandes secas e a situación de pobreza do país.

O país réxese por unha república parlamentaria federal e o exército é gubernamental. Non se sabe cantos son as persoas que faleceron a causa da inanición e dos desprazados só se sabe que son miles, segundo El Diario. A ONU fai un chamamento á comunidade internacional para evitar o peor e continuar coa distribución de alimentos. O Programa de Alimentos de Nacións Unidas necesita 350 millóns de dólares.

NIXERIA

Nixeria é un dos países africanos que está a sufrir fame. Esta situación ven desencadeada pola guerra con Boko Haram, un grupo terrorista nixeriano, que comezou no 2010 e deixou sen recursos o país. A fame extrema segue vixente a día de hoxe e o desencadeante foi a restrición por parte do propio país do comercio de bens e servizos, nun intento de impedir que Boko Haram recibira suministros e cartos, e iso afectou aínda máis á economía da rexión. Todos estes factores, xuntos, provocaron unha situación na que unha poboación viuse incapaz de alimentarse.

A crise alimentaria está provocada por un conflito armado e a súa solución definitiva depende de que se resolva. As vítimas mortais ascenden a 260.000 en 2011 segundo RTVE e son 2 millóns os que toman a decisión de desprazarse, sendo 200.000 a países veciños, aínda que algúns intentan cruzar o Mediterráneo. O goberno de Nixeria basease nunha república federal. Para intentar chegar a unha solución, o Consello de Seguridade da ONU visitou os países da cunca do Lago Chad a principios de marzo do 2017 e comprometeuse a avaliar a situación humanitaria e buscar máis recursos co fin de cubrir os case 1.000 millóns de dólares que faltan para financiar a labor humanitaria no 2017

SOMALIA

Somalia é outro dos países africanos, rexido por unha república parlamentaria federal, que sofre as consecuencias da fame desde este ano. A historia de Somalia vai unida á guerra, ao terrorismo de Al-Shabab, á piratería no Océano Índico e á extrema secas que provocou que 6,7 millóns de persoas, a metade do país, necesiten axuda humanitaria urxente. A situación de fame está provocada polas continuas secas que acontecen no país e a guerra interna de longa duración. Os exércitos dos país son Al-Shabab (movemento yihadista terrorista de Somalia, relacionado con Al Qaeda) e o exército gobernamental do país.

Segundo El País, os desprazados por fame poderían ser 2 millóns. O plan da ONU de prevención da fame en Somalia alcanzou a 5,5 millóns de persoas, proporcionándolles auga potable, alimentos e apoio en saneamento. Sen embargo, só se recolectou un 70% dos 825 millóns de dólares que OCHA pediu aos donantes internacionais para a asistencia humanitaria en Somalia. Desafortunadamente, esta non é a primeira fame que sofre Somalia, que xa tivo episodios anteriores no 1992 e no 2011

SUDÁN DEL SUR

Sudán del Sur é outro dos países africanos que está a sufrir as consecuencias da fame. Este país, que se rexe por unha república presidencialista, está a sufrir a súa primeira fame desde que se separou de Sudán no 2011. A situación de fame vese motivada pola violencia interna desde fai 3 anos é dicir, o desencadeante foi a independencia de Sudán e os conflitos internos que agravan o problema.

O exército do país é gobernamental e loita nese conflito interno que vive o país. En canto aos falecidos por fame, segundo Noticias de Navarra, foron 18 nos últimos días e, Tele SUR, ascenderían a 56. Pero esas non son as únicas consecuencias, tamén hai quen decide fuxir do país para poder subsistir. Segundo Oxfam, sobre un millón de persoas son as desprazadas de

Sudán do Sur, que terían como destinos principais Uganda, Etiopía, Sudán, República Democrática do Congo e República Centroafricana.

A ONU foi a encargada de declarar oficialmente a fame no país e, o ano pasado, o Programa Mundial de Alimentos repartiu 265.000 toneladas métricas de alimento e 13,8 millóns de dólares en cheques coa intención de intentar mellorar a inestabilidade que o país sofre desde fai xa 6 anos.

YEMEN

Yemen é un país ao suroeste de Asia, ao lado do Corno de África, que se atopa nunha situación de fame extrema. O país vese afectado polos bombardeos saudís desde o 2015, incluso está rexido por un goberno provisional debido á inestabilidade socioeconómica e política que está a vivir. Todo isto, sumado aos anos de seca, deu lugar á maior crise de fame do planeta segundo ACNUR.

Os efectos da fame comezaron a aparecer no 2011 coas secas, situación que posteriormente se agravaría polos conflitos. Os falecidos, segundo El País son 370.000. A ONU, para intentar dar solución ao problema, realizou unha conferencia de doantes onde recadou 1.100 millóns de dólares. A Organización tamén pide unha especial protección contra os ataques da aviación saudí.